



Servizo de Sanidade Ambiental

Asunto	CONTESTACIÓN Á RESPOTA DO PROMOTOR AO INFORME DESTA DIRECCIÓN XERAL NO PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL
Proxecto	PARQUE EÓLICO SERRA DO FARELO
Promotor	AV SERRA DO FARELO SL
Localización	CONCELLOS DE AGOLADA E ANTAS DE ULLA
Expediente	IN661A DXIEM 01/11

SOLICITANTE: Servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, Industria e Innovación.

FEITOS:

- A Dirección Xeral de Saúde Pública recibe da Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación con data 29/10/2021 e número de rexistro de entrada 2021/2030475, unha solicitude de informe, en relación ao estudo de impacto ambiental do proxecto de referencia.
- Con data 02/12/2021 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable sobre o proxecto.
- Con data 20/01/2022 e número de rexistro 2022/105193, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación dá traslado da resposta do promotor ao informe desta dirección xeral.
- Con data 02/02/2022 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable á resposta do promotor.
- Con data 09/03/2022 e número de rexistro de entrada 2022/499903, a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación dá traslado da resposta do promotor ao informe desta dirección xeral .



- Con data 17/03/2022 a Dirección Xeral de Saúde Pública emite informe desfavorable á resposta do promotor.
- Con data 27/06/2022 e número de rexistro de entrada 2022/1322186, o servizo de Enerxías Renovables e Eficiencia Enerxética da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Economía, industria e Innovación dá traslado da resposta do promotor ao informe desta dirección xeral de data 17/03/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS:

Co fin de dar cumprimento ao establecido no artigo 37.2.i) da lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, solicítase informe a esta Dirección Xeral no ámbito das nosas competencias.

De acordo con todo o indicado, emítese o seguinte

INFORME:

Vista a documentación remitida polo promotor en relación a súa contestación ao informe previo desta dirección xeral, sen detrimento das competencias propias doutros organismos oficiais e dentro do ámbito de saúde pública, considéranse satisfeitos os requirimentos feitos no informe previo.

Santiago de Compostela, na data e hora da sinatura dixital

A subdirectora xeral de Programas de Control
de Riscos Ambientais para a Saúde

Inés Mato Naveira

